

CPI CAMIÑO DE SANTIAGO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

INGLÉS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.</p> <p>B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.</p>
	<p>PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.</p>
<p>B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, a través de medios técnicos e usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</p> <p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p>
	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p>
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral</p>	<p>PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>

<p>e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p> <p>B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.</p>
<p>B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> <p>PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</p> <p>PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.</p>
<p>B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata-</p>	<p>PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.</p> <p>PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos.</p>

B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico-e localización dos obxectos.	PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.
B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.
B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Con carácter xeral, terase en conta a presentación, de xeito correcto, das actividades das unidades e das tarefas realizadas polo alumnado nas fichas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!- Para o alumnado con algunha avaliación pendente, terase en conta a presentación, de xeito correcto, das actividades e tarefas das fichas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.- Asemade, procederase á escoita, de ser o caso, das gravacións enviadas polo alumnado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Con carácter xeral, as actividades das unidades e das tarefas realizadas polo alumnado nas fichas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!- Para o alumnado con algunha avaliación pendente, as actividades e tarefas das fichas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.- Lista de control.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none">1. En ningún caso o alumnado terá cualificación negativa por razón de non ter elaborados ou entregados os traballos encomendados.2. Por norma xeral, a cualificación final ordinaria será a nota media das obtidas na primeira e na segunda avaliación.3. Se o alumnado realiza e entrega o traballo encomendado (unicamente o establecido dende o momento que se lles notifica a necesidade de envío), e este está realizado de xeito correcto, a cualificación final corresponderase coa nota máis alta das obtidas nos dous trimestres anteriores.4. O alumnado con algunha avaliación suspensa avaliarase en función do establecido no punto <i>Avaliación de materia pendentes</i>.
Avaliación de materia	<p>Tanto o alumnado que teña pendentes unha, ou mesmo as dúas avaliacións anteriores, así como o que teña a materia pendente de anos anteriores, poderá ter unha cualificación ordinaria de <i>suficiente</i>, se presenta as</p>

<p>pendentes</p>	<p>actividades das fichas de posta ó día, apoio, reforzo que a continuación se relacionan:</p> <p>A. Do primeiro grupo de actividades publicadas na web da escola o venres, 13/03/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>CatchUP 01</i> • <i>Support Unit 01</i> • <i>Reinforcement Unit 01</i> • <i>CatchUP 02</i> • <i>Support Unit 02</i> • <i>Reinforcement Unit 02</i> <p>B. Do segundo grupo de actividades publicadas na web da escola o luns, 30/03/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>CatchUP 03</i> • <i>Support Unit 03</i> • <i>Reinforcement Unit03</i>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>- A realización da totalidade das tarefas especificadas no punto anterior, con corrección e con caligrafía, ortografía e limpeza adecuadas, levará consigo a obtención dunha cualificación final ordinaria de <i>suficiente</i>.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>- Avaliación das actividades e tarefas das unidades realizadas polo alumnado nas follas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.</p> <p>- Lista de control.</p> <p>- Escoita, de ser o caso, das gravación enviadas polo alumnos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
<p>Actividades</p>	<p>- O alumnado realizará actividades e tarefas das unidades xa traballadas realizadas nas follas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!</p> <p>- Asemade examínase a posibilidade de rematar a unidade 4 que xa estaba moi avanzada no segundo trimestre.</p>

	<p>Neste último caso, o alumnado realizará as tarefas pertinentes no seu libro do alumno e no libro de actividades-</p> <ul style="list-style-type: none"> - De ter tempo realizarían tamén as actividades de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido! Da unidade 3.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Debemos ter en conta, en primeiro lugar, que algún alumnado non ten conexión e que moitos deixaron os libros na escola. Atendendo ó anterior púxose en marcha un protocolo de elaboración das actividades e posta á disposición do alumnado dos materiais necesarios para poder realizalas. É esta unha tarefa complexa que require do emprego de, por unha banda, bastantes ferramentas e recursos informáticos, e por outra o desempeño de numerosas labores:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Selección, descarga, organización e tratamento dixital das distintas follas de actividades. 2. Elaboración das follas de instrucións e de corrección das actividades. 3. Selección, descarga e tratamento dixital dos audios e vídeos. 4. Elaboración e tradución da transcripción dos audios dos vídeos correspondentes. 5. Selección, escaneado e tratamento dixital das follas necesarias dos libros. 6. Subida á páxina web e/ou á aula virtual do centro de todos os materiais citados. 7. Corrección das tarefas realizadas. <p>Como axuda para o alumnado á hora de realizar as tarefas encomendadas proporcionóuselles unha mediateca coas seguintes ferramentas web:</p> <p><i>Dicionarios recomendados</i></p> <p>Nos dicionarios pódese alternar entre inglés-español ou español-inglés.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Léxico: https://www.lexico.com/es/english-spanish - Wordreference: https://www.wordreference.com/ - Cambridge: https://dictionary.cambridge.org/es/diccionario/ingles-espanol/ <p><i>Tradutores:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Tradutor Google: https://translate.google.es/?hl=es - Tradutor DeepL: https://www.deepl.com/translator - Gaio: http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index <p>O primeiro serve como tradutor e ademais períte escoitar a pronuncia do que se escriba. O segundo é moi bo pero non conta con ferramenta de voz. O último é un tradutor castelán-galego. É moi bo. Non é</p>

	<p>recomendable usar o de Google para traducir ó galego. É mellor empregar este.</p> <p><i>Ferramenta para escribir e escoitar o que se escribiu:</i></p> <p>- Acapela-box: https://acapela-box.com/AcaBox/index.php.</p> <p>É moi útil. A través desta aplicación, as nenas e nenos poden escoitar os textos que escriban escollendo voces e distintas velocidades.</p> <p>- Alumnado con necesidades educativas especiais:</p> <p>Dentro das actividades propostas, os grupos de <i>CatchUP</i>, <i>Support</i> e <i>Reinforcement</i> están especialmente dirixidas a este tipo de alumnado.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto ou, no seu caso, follas escaneadas dos mesmos. Ordenador, tablet, móbil e caderno. - Follas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido! - Aplicación abalarMóvil. - Mediateca de ferramentas web.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A comunicación coas familias realízase fundamentalmente a través do correo electrónico e do espazo abalarMóvil, aínda que hai catro teléfonos na web do centro a disposición dos pais, nais e/ou titores/as legais do alumnado. - Na aula virtual do centro, habilitouse un usuario especial para que as familias poidan facer uso dos foros e do servizo de mensaxería entrando co rol de invitado. - Asemade, a entrega de tarefas realizarase polo correo electrónico habilitado a tal efecto. - O alumnado que conte co libro dixital tamén poderá enviar as súas tarefas a través do servizo de mensaxería da plataforma Blink.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web do centro. - Aula virtual do centro.